



Don EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de Concelleiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE CREACIÓN DE UNHA AXUDA PARA A  
CONSERVACIÓN DO VIÑEDO EN SOCALCOS NAS RIBEIRAS  
DO CONCELLO DE MONFORTE.**

**ANTECEDENTES**

O viño representa na nosa comarca economía, territorio, paisaxe, patrimonio e turismo. Constitúe un sector económico que xera riqueza e emprego.

O noso concello é cabeceira de comarca de unha zona vitícola de afamado recoñecemento como é a Ribeira Sacra e sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribérica Sacra (CRDORS).

A comarca de Lemos conta con máis de 1.100 Ha de viñado (SIXPAC-2023) repartidas entre 7.000 explotacións vitícolas e orientada maioritariamente (95%) á produción de uva para a elaboración de viño tinto. Trátase de unha viticultura con unha tipoloxía característica que ten a súa orixe no aproveitamento das condicións orográficas das ladeiras do Sil e do Miño. Ladeiras nas que o viñado se cultiva na forte pendente do terreno mediante

socalcos que buscan conter a terra, reter a auga de choiva e maximizar a captación solar.

Esta sistematización do terreno de cultivo conforma un entorno de gran valor ambiental e paisaxístico pero de elevado custo de mantemento.

A situación económica actual, caracterizada polo alto costes dos insumos e unha alta inflación, debilitou o mercado do viño e reduciu o poder adquisitivo dos consumidores, provocando unha caída estrutural do consumo, sobre todo do viño tinto. A rápida diminución de vendas provocou unha acumulación importante de existencias nas adegas que xunto coas colleitas abundantes dos últimos anos provocaron unha caída sustancial dos prezos da uva. Se sumamos que a tipoloxía productiva en bancais ten unhas custes de produción moito máis elevadas do normal (fertilizantes, fitosanitarios, man de obra,..), a situación conduce a que se poida producir un abandono importante do cultivo e con elo unha desertización e deterioro da paisaxe que serve de base ao noso patrimonio natural e turístico. O concello de Monforte, noutro de gran importancia vitivinícola, conta hoxe en día con 120 ha de viñado en cultivo adicadas en gran medida ao autoconsumo. De toda esta superficie vitícola, 15 ha se cultivan nas ladeiras do río Sil, aos pés do “mirador do Duque” e se atopan amparadas polo calificativo de calidade diferenciada “Ribeira Sacra”.

A pesar de que a superficie de viñado amparada pola protección da Denominación de Orixe Ribeira Sacra no noso concello é pouco representativa respecto á dos concellos da nosa contorna, en un momento de importante crise no sector e con miras a conservar esa

tipoloxía de cultivo, consideramos oportuno colaborar co sector vitivinícola para sufragar a importante perda económica e a repercusión que pode conlevar na economía da comarca o abandono do cultivo e posterior perda desa paisaxe que tanto caracteriza a nosa ribeira do Sil e que funciona como reclamo turístico e motor económico da comarca.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular, eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Establecer unha dotación económica anual de 5.000€ para incentivar aos viticultores que nas ladeiras do río Sil do noso concello e en parcelas de máis do 35% de pendente media, cultiven viñado en socalcos de muros de pedra.**